



dano cerebral

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Memoria de actividades

2025

www.danocerebralsantiagodecompostela.org



Luciano Fernández Pintor
Presidente de Dano Cerebral
Santiago de Compostela

Un legado que continúa, un futuro que se constrúe

A **memoria** que tedes nas súas mans recolle un **ano especialmente significativo** para **Dano Cerebral Santiago de Compostela**. 2025 foi un ano que nos serviu para mirar atrás e, coa perspectiva do esforzo e sacrificio que supuxo chegar a onde hoxe estamos, proxectarnos con novos azos cara o futuro.

Tras 25 anos á fronte da entidade, 2025 estivo marcado polo **relevo na presidencia de José Balboa**, cuxa dedicación, compromiso e visión foron fundamentais para consolidar este proxecto colectivo. Grazas ao seu traballo incansable, e ao doutras moitas persoas que o acompañaron, a **asociación creceu, fortaleceuse** e converteuse nun **referente** para as persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias. O seu legado seguirá sendo unha guía imprescindible para quen asumimos agora a responsabilidade de continuar este camiño.

Este ano coincidiu, ademais, coa **celebración do 25 aniversario** da asociación, unha efeméride que nos permitiu facer balance con orgullo e recoñecer o **esforzo compartido** de profesionais, persoas usuarias, familias, voluntariado, entidades colaboradoras e administracións públicas. Vinte e cinco anos de **traballo constante** defendendo dereitos, ofrecendo apoios e construíndo oportunidades de inclusión e participación social.

Esta memoria reflicte non só as actividades desenvolvidas, senón tamén o espírito dunha **entidade viva**, comprometida coa mellora continua e cos **novos retos** que expón o presente. Afrontamos esta nova etapa con **responsabilidade, ilusión** e a firme vontade de seguir avanzando, sempre poñendo ás **persoas no centro** da nosa **acción**.

Grazas a todas e todos por formar parte deste **proxecto común**.

Contidos da memoria

- 2 Presentación
- 3 Como nos organizamos?
- 4 Como xestionamos?
Como colaborar con nós?
Voluntariado
- 5 Servizo de Atención Especializada
Terapia acuática
- 6 Servizo de Atención Diúrna Terapéutica
- 7 Servizo de Mellora e Mantemento da Autonomía
Persoal e Inclusión Social
- 8 Servizo de Orientación Laboral
- 9 Servizo de Información, Orientación e Apoio a familias
- 10 Satisfacción das persoas usuarias e familias
- 11 Pasou en 2025

Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

 46 concellos
 448.000 habitantes



Dano Cerebral Santiago de Compostela, antes **Sarela**, é unha entidade sen ánimo de lucro creada en **decembro de 2000** por familiares e persoas con dano cerebral adquirido (DCA) e que desenvolve o seu labor nos concellos que configuran a **Área sanitaria de Santiago**.

Actualmente a **base social** da entidade está formada por máis de **1000 persoas** entre socios/as, colaboradores/as, voluntarios/as e profesionais, que traballan para acadar a **misión** de mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e a das súas familias.

Os seus **obxectivos fundamentais** son promover a **defensa** dos **dereitos** destas persoas e familias; a súa integración e **normalización** social, e o **coidado**, asistencia e protección. Tamén son fins principais os de orientación e **información** así como o de **prevención** do **DCA** e os seus efectos.

Dano Cerebral Santiago de Compostela

Rexistro sanitario C-15-000858

Declarada de Utilidade Pública segundo a O.M. 19/06/ 2008.

Rúa Pedro Cabezas González 3

15702 Santiago de Compostela

981 577037

info@danocerebralsantiagodecompostela.org

www.danocerebralsantiagodecompostela.org

Pertencemos ás federacións:

Dano Cerebral Estatal

Dano Cerebral Galicia


Asinante do Pacto Mundial da ONU.

Membro da Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS.



Dano Cerebral Santiago de Compostela dispón dun sistema de xestión da calidade conforme coa Norma ISO 9001:2015, certificado por AENOR.

COMO NOS ORGANIZAMOS?



o equipo

+90%

de profesionais traballan en atención directa a persoas con Dano Cerebral


Directora e Psicóloga/Neuropsicóloga Rocío García | **Auxiliar administrativa** Susana Duarte | **Auxiliares de clínica** Álvaro Suárez, Fátima Cabanas, Laura Serramito, María José Abeijón, M^aJosé Ramírez, Noelia Prieto, Noelia Rosende, Lucía Gaspar*, Melissa Trillo* e Vanesa Cabo* | **Educadora social** Noelia Nieto, Noelia Parente e Tania Losada | **Fisioterapeutas** Alicia Senín, Raquel Cebeiro, Paula Carnota e Natalia Regueira | **Logopedas** Sara Caballero, Esther Sola e Laura Sofía Miranda* | **Monitora** Noelia Castro, Mariana Ansia, Marinha Longa*, Paula Veiga*, Clara Seoane, Álvaro Suárez e Fátima Cabanas | **Orientadora laboral** Noelia Parente (educadora social) | **Psicólogas/Neuropsicólogas** Noelia Ouro, Sonia Porto, Ana García* e Nerea Álvarez | **Terapeutas ocupacionais** Alba Mouzo, M^a José Hermida, Marta Santos e Estela González | **Traballadoras sociais** Eugenia Veloso, Laura Segade, Mónica Serrano, Olalla Domínguez, Andrea Abel e Sofía Millán | **Xestor económico** Adrián Riomayor | **Xornalista** Xulio Abollo

[*profesionais con contrato subvencionado (Programa Coopera da Xunta de Galicia) imputable a dúas anualidades]

COMO XESTIONAMOS?


A orixe dos nosos ingresos

SERVIZO DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA	109.708,04 €	6,94%
SERVIZO DE MANTENIMENTO DA AUTONOMIA PERSOAL E INCLUSIÓN SOCIAL	57.082,00 €	3,61%
SERVIZO DE ATENCIÓN DIURNA TERAPÉUTICA	763.962,68 €	48,35%
SERVIZO DE INFORMACIÓN	925,00 €	0,06%
SUBVENCIÓNS PÚBLICAS Xunta de Galicia, Deputación, Concello de Santiago, Interreg	427.365,84 €	27,05%
SUBVENCIÓNS PRIVADAS Fundación Amigo, Fundación Jose Otero, Viaqua	37.431,53 €	2,37%
CUOTAS SOCIOS/DONACIONES	100.536,59 €	6,36%
OUTROS INGRESOS	14.430,32 €	0,91%
SUBVENCIÓN TRASPASADA A RESULTADO	68.624,50 €	4,34%
TOTAL	1.580.066,50 €	100,00%



O destino dos nosos gastos

MANTEMENTO Estrutura, informática, elementos de transporte, ascensor, piscina	- 34.884,62 €	2,23%
SUMINISTROS E COMUNICACIONES	- 40.638,67 €	2,60%
GASTOS DE PERSOAL	- 1.049.420,93 €	67,13%
TRANSPORTE E COMEDOR Servizo de atención diurna terapéutica	- 236.074,45 €	15,10%
SEGUROS	- 7.070,81 €	0,45%
GASTOS FINANCIEROS	- 1.811,82 €	0,12%
OUTROS GASTOS ACTIVIDADE Material de oficina, servizo de limpeza, material sanitario, formación, desprazamentos, correos, gastos extras asociación...	- 96.797,67 €	6,19%
SERVIZOS DE PROFESIONAIS E XESTION Xestoría, xestión da calidade, protección datos, outros profesionais	- 18.233,63 €	1,17%
AMORTIZACIÓN INMOBILIZADO	- 78.417,15 €	5,02%
TOTAL	- 1.563.349,75 €	100,00%



 **Transparencia** | Os orzamentos e a auditoría de contas están dispoñibles na web www.danocerebralsantiagodecompostela.org/transparencia

QUERES COLABORAR CON NÓS?

As **persoas** con DCA e as súas **familias** teñen en **Dano Cerebral Santiago de Compostela** un **recurso fundamental** para a súa rehabilitación e o fomento da participación social. Pero tamén precisamos axuda da sociedade. Podes facerte socio/a, ter unha colaboración económica puntual ou participar no noso voluntariado.

Dano Cerebral Santiago de Compostela está declarada, desde 2008, asociación de **utilidade pública**. Esta certificación constitúe ante todo un recoñecemento ao traballo que desenvolve no

seu día a día, pero supón tamén unha **vantaxe** para todas aquelas **persoas físicas e xurídicas** que queiran facer **aportacións**. As **doazóns** por parte de persoas (sexan cotas de persoas asociadas, colaboracións puntuais etc) a ONGs permiten **desgravar** ata un **80%** do diñeiro achegado. Tamén existen desgravación para **empresas**.



Escanea o QR para máis información.



VOLUNTARIADO

En 2025



32

persoas voluntarias

colaboraron con 362 horas nos servizos de SADT e MAPIS.



A participación das persoas voluntarias pode ser **presencial** ou a través do voluntariado **virtual** e debe ser **activa**, cunhas **funcións claras** e con **apoio e supervisión** de profesionais de Sarela.

ATENCIÓN ÁS PERSOAS

Dano Cerebral Santiago de Compostela é desde o ano 2000 referencia na **Área sanitaria de Santiago e Barbanza** na atención ao **Dano Cerebral Adquirido**. Os nosos principios son a atención individualizada, a abordaxe integral desde distintas especialidades profesionais e o contacto permanente coas familias.

Con estes principios, poñemos á vosa disposición os seguintes **servizos** co obxectivo de acadar a máxima recuperación das persoas con DCA; mellorar a súa calidade de vida e buscar a súa reincorporación ao mundo laboral, académico e social; recibir unha información rigorosa e útil e fomentar a súa prevención.



SAE (Servizo de Atención Especializada)

Formado por un equipo especializado en rehabilitación neurolóxica que planifica e desenvolve a atención integral da persoa despois da alta hospitalaria. Atende tanto a persoas adultas coma a nenos/as con problemas de desenvolvemento psicomotor. Reúne as especialidades de fisioterapia, logopedia, psicoloxía/neuropsicoloxía, terapia ocupacional e traballo social.

En 2025

128
persoas usuarias

128 familias
participaron en entrevistas de coordinación, seguimentos, intervencións...). Un total de 22 familias recibiron **apoio psicolóxico** específico para elas.



Intervencións no domicilio

11 persoas usuarias tiveron valoración no domicilio e outras **20** atención domiciliaria.

Tamén se realizan **intervencións na contorna** (supermercado, cafeterías, kioscos...) cun total de **10** persoas atendidas en **Fisioterapia** e 8 en **Terapia Ocupacional**.

Outras actividades



“DCA NO COLEXIO” E ACOMPAÑAMENTO EDUCATIVO

No curso 24-25 o proxecto “DCA no Colexio”, que realizamos con **Dano Cerebral Estatal**, permitiu traballar con **16 nenos e nenas** de 9 centros educativos de educación ordinaria e especial. Este proxecto permite achegar o DCA infantil aos centros educativos e coordinarse persoal docente (orientación, titoría, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica...) para intervir mellor cos mais cativos e cativas que acoden á entidade. En 2025 tamén se desenvolveu, con **Dano Cerebral Galicia**, un proxecto de acompañamento educativo para a recollida de datos sobre a prevalencia do DCA nos centros educativos, o coñecemento por parte dos/as profesionais e elaborar unha guía.



No mes de xullo organizouse un taller de estampación de camisetas e no de decembro un de creación de adornos de Nadal.




Terapia acuática



50
persoas usuarias

39 persoas adultas participaron na actividade individual e 8 na grupal. **3** nenos/as participaron en terapia acuática de grupo.



SADT (Servizo de Atención Diúrna Terapéutica)

É o centro de día para persoas en fase crónica ou de estabilización. Nel proporciónase tamén atención integral e especializada en base a un Plan de Atención Familiar e unha avaliación de necesidades familiares. SADT fomenta a posible mellora ou o mantemento das capacidades das persoas usuarias e promove a súa autonomía persoal, tanto funcional coma psicosocial. O seu horario é de 9:30 a 17:30 h. e ten servizo de comedor.



40 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia.



34 son prazas públicas concertadas coa Consellería de Política Social e Igualdade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

39 persoas usuarias en 2025

Todas as prazas públicas estiveron cubertas.

Este servizo ten organizadas as súas sesións e intervencións en base a **4 programas**: **Desenvolvemento persoal e benestar emocional**, **Benestar físico**, **Autonomía persoal e Ocio e participación social**. Cada programa desenvolve diferentes actividades tanto a nivel **individual** como **grupal**.

Desenvolvemento persoal e benestar emocional

A nivel individual, as **persoas** usuarias recibiron apoio de **psicoloxía** e/ou **neuropsicoloxía** e beneficiáronse da actividade **multisensorial** dirixida por profesionais da **psicoloxía**, **logopedia** e **terapia ocupacional**. Grupalmente, desenvolvéronse actividades como "Pensamento activo", "Clube de lectura", "Cognigym", "Cóidate", "Conciencia sensorial", "Coro", "Dereitos", etc.



Benestar físico

As **persoas usuarias** participaron en **actividades individuais** de **fisioterapia**, **terapia acuática** e **logopedia**. As **actividades grupais** foron de acondicionamento físico, adestramento cardiovascular, grupais específicas de fisioterapia etc.



Autonomía persoal

Todas as persoas usuarias beneficiáronse das actividades individuais específicas de apoio de **terapia ocupacional** mediante accións incorporadas á rutina diaria. As actividades realizadas tanto de forma individual como en grupo foron tarefas de **responsabilidade**, **cociña**, **compra**, **hixiene**, **transferencias** etc.



Ocio e participación social

Neste programa desenvolvéronse actividades de **expresión artística**, **saídas** no entorno comunitario, **deporte adaptado**, **English coffe**, **tics**, celebración de **aniversarios**, **festividades** etc.





MAPIS (Servizo de Mellora e Mantemento da Autonomía Persoal e Inclusión Social)

Orientado a aquelas persoas que se atopan na fase de estabilización tras o período de rehabilitación. A través deste servizo beneficianse de diferentes actividades que se propoñen de cara a continuar a mellora e/ou mantemento das súas capacidades e habilidades adquiridas ata o momento, facendo uso de recursos comunitarios e favorecendo as relacións interpersoais.

37 persoas usuarias no servizo das que 8 foron novas incorporacións.

En 2025

- 17 persoas usuarias recibiron atención individual de psicolóxica
- 12 de traballo social. 31 fixérono de forma conxunta coa familia.
- 7 intervencións individuais en terapia ocupacional.
- 2 intervencións individuais en fisioterapia.

38 familias atendidas. 31 dos seus membros tiveron atención de traballo social e 11 de apoio psicolóxico.

Actividades grupais en 2024

Benestar físico

Realizáronse **233 sesións grupais** das que 82 foron de exercicio **cardiovascular em exterior**, 141 de **acondicionamento físico** e 10 de **sendeirismo**.

Durante os meses de **maio, xuño e xullo 15 persoas** realizaron o **Camiño de Santiago** por etapas.



Desenvolvemento ocupacional

Este programa artículase entorno á actividade **Creativamente** na que se realizan actividades de **bricolaxe, pintura, encadernación e entrefíos** coas que se elaboraron sobre todo **produtos para a tenda** e tamén encargos puntuais.



Participación social

As persoas usuarias realizaron **20 saídas** no entorno **comunitario**, elixidas e organizadas por elas. Asistiron a exposicións, teatro, entornos naturais etc.



Desenvolvemento persoal


Realizáronse as actividades de **Activamente, Informa-Nos e Musicalmente**. En **Activamente** realizáronse diferentes dinámicas cognitivas para estimular a memoria a curto prazo, atención, funcións executivas, linguaxe, percepción, habilidades visuoespaciais, loxicomatemáticas ou a velocidade de procesamento. En **Informa-Nos** fixéronse entradas no blog, buscouse información para as saídas etc. En **Musicalmente** deuse continuidade aos obradoiros do proxecto Euterpe-Adn e houbo contacto coa música a través da escoita, ensaio de cancións...





SOL (Servizo de Orientación Laboral)

O seu obxectivo é acadar a **inserción laboral** desde a **atención individualizada** e o **acompañamento**. Este servizo, autorizado pola Xunta de Galicia, forma e orienta á persoa na **busca de emprego** e traballa directamente coas empresas buscando oportunidades de emprego e as asesora na **adaptación do posto de traballo** e funcións a desenvolver pola persoa con DCA.



En 2025

18

persoas usuarias no servizo. 2 foron novas altas. 6 persoas usuarias atoparon emprego.



4 empresas colaboraron co servizo como ofertantes de emprego. Houbo 110 contacto con estas e outras empresas.



Organizáronse 2 formacións grupais sobre a preparación de entrevistas e as habilidades sociais para o emprego.



147 intervencións individuais

coas persoas usuarias nas que se traballan aspectos como :

- Preparación e elaboración de CV, cartas de presentación e entrevistas.
- Valoracións e diagnóstico de empregabilidade.
- Elaboración do Perfil e obxectivo profesional.
- Busca e prospección de empresas.
- Apoio no uso das novas tecnoloxías.
- Preparación de exames para oposición.
- Seguimento do posto laboral.
- Apoio psicolóxico ás persoas que o necesiten. Este ano atendéronse a 5 persoas.

Outras accións



En setembro visitou a asociación o **conselleiro de Emprego da Xunta de Galicia, José González**. A reunión mantida ao remate da visita centrouse sobre todo en analizar a **situación laboral** á que se enfrontan as **persoas con DCA** tras a lesión e as **dificultades** que atopan, moitas administrativas, á hora de volver a traballar.

Desde Dano Cerebral Santiago de Compostela trasladouse a necesidade de **mellorar a derivación** desde os servizos públicos de emprego das persoas con dano cerebral cara o único servizo de orientación laboral específico para esta discapacidade que existe en Galicia.

Outra das demandas do movemento asociativo é que os criterios de acceso á **oferta de emprego público** recolla o amplo abano de secuelas do dano cerebral ao non contemplar por exemplos secuelas como as cognitivas.



En **maio** participamos nas segundas xornadas sobre a reincorporación laboral de persoas con DCA organizadas polo **CEADAC** e celebradas nas súa sede en Madrid.

Noelia Parente, educadora social e responsable do noso Servizo de Orientación Laboral, falou da experiencia da entidade neste ámbito a partir do traballo realizado neste servizo e das vivencias das persoas usuarias.



Persoas usuarias do servizo asistiron ao foro **Talentia Summit**, un evento promovido polo **Concello de Santiago** para impulsar a formación continua e o emprego de calidade.



SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E APOIO A FAMILIAS

Ponse o foco nas **familias** desde o momento que se produce o dano cerebral. Ademais de proporcionarlles **apoio psicolóxico** e **información** sobre o DCA, **axudas e recursos**, tamén fomenta unha **rede social de apoio**. Este servizo mantén **puntos de información** en diferentes concellos da área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Atención grupal a familias



111 familias atendidas

15 familiares recibiron apoio psicolóxico, **14 atención** nos puntos informativos e **91 participaron** nalgunha das actividades grupais.

Actividades organizadas en 2025

- Deuse continuidade ás **actividade de visitas culturais por Compostela** e á de **loga**, ambas conducidas por dúas persoas voluntarias.
- Realizáronse 3 actividades temporais como o taller de *amigurumi*, o xantar do Día das persoas cuidadoras e baile latino.
- 1 **grupo de apoio a familias en fase de estabilización**.
- 2 **sesións formativas**.
- **Actividades de autocoidado e lúdicas** (balneario, masaxe...) (57 participantess).
- **Actividades grupais para persoas con DCA** como unha xornada gastronómica, unha excursión a Ons e baile.
- **A Nosa Lareira**: continuouse enriquecendo o contido deste recurso on line para familias como por exemplo a edición da serie de vídeos "Que debemos saber sobre o DCA?"



Atención individual



74 persoas con DCA recibiron **atención social** (61) e/ou **apoio psicolóxico** (21). 13 participaron en **actividades grupais**.

70 foron novas altas no servizo

14 familias recibiron **atención nos puntos de información especializada**.

Dano Cerebral Santiago de Compostela ten puntos de información gratuitos na **Estrada, Mazaricos, Lalín, Arzúa, Ribeira e Rianxo** co obxectivo de facer accesible a información sobre recursos, atención etc ás familias que viven máis alonxadas de Santiago. En Santiago o punto de información está no **Hospital Clínico**.

Intervención comunitaria

Accións de sensibilización



A campaña **Ictus é Dano Cerebral** achegouse até **10 centros de saúde de Santiago e da comarca**.



12 sesións informativas sobre DCA en concellos, centros educativos, campamentos de verán etc.



Coordinacións con profesionais
Realizáronse **13 reunións de coordinación** con profesionais doutros **recursos sociosanitarios**.

SATISFACCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS

Dano Cerebral Santiago de Compostela mide periodicamente o grao de satisfacción das persoas usuarias e das familias coa atención nos seus servizos. No 2025 mediuse a satisfacción das persoas usuarias. A continuación, amósanse os resultados:



Servizo de Atención Especializada (SAE)



100% das persoas din estar moi satisfeitas ou satisfeitas coas intervencións no servizo.



100% das persoas recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (SADT)



88% das persoas usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas co servizo.



94% das persoas usuarias e familias recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Mellora e Mantemento da Autonomía Persoal e Inclusión Social (MAPIS)



100% das persoas usuarias afirman sentirse moi satisfeitas ou satisfeitas co servizo.



100% das persoas recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Orientación Laboral(SOL)



100% das persoas usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas co servizo.



100% das persoas recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Información, Orientación e Apoio a familias



100% das persoas usuarias din sentirse moi satisfeitas coas actividades realizadas.

PASOU EN 2025

Xaneiro



Continuamos co **proxecto transfronteirizo Euterpe-Adn**, liderado pola Universidade de Santiago e o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS). Realizamos **dous novos talleres de música activa** e procedeuse á toma de mostras de saliva e sangue para o estudo do impacto da música na saúde e o benestar das persoas participantes.

Febreiro



Trisquel Artesanía elixiu nos para ser, no mes de decembro, unha das entidades sociais que protagonizaron **“12 meses 12 sensibilidades”**. Nesta iniciativa cada mes un comercio local deu visibilidade ao labor dunha organización. Esta é unha idea que xurde das propias comerciantes e que conta co apoio do Concello de Santiago.

Marzo



O día 28 **José Balboa** dixo adeus á presidencia da asociación tras **25 anos**, tomando o **relevo Luciano Fernández**. Na asemblea de socias/os, Balboa agradeceu a traballo de todas as persoas que o acompañaron nas distintas directivas e o compromiso e entrega de profesionais como Rocío García, directora, e de Miguel Anxo García, psicólogo clínico no CHUS.



O día 20 visitou a asociación o **conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos**. Ademais de coñecer de primeira man os servizos de atención especializada e falar de asuntos relacionados con este área do goberno autonómico, os temas principais tratados foron a nova lei autonómica de cultura inclusiva e o programa de voluntariado da entidade.



No compromiso de seguir mellorando a accesibilidade dos seus contidos, a **web** da asociación mellorou este aspecto incorporando unha **ferramenta** que permite **ler en voz alta o contido de texto da páxina**. Ao escoitar o texto comprenderemos mellor a información e poderemos escoitala con calquera dispositivo (ordenador, teléfonos móbiles etc).



O **servizo de terapia acuática** foi elixida na iniciativa **“Auga, Saúde e Infancia”** da **empresa Viaqua**. A axuda de 2.000 euros foi destinada aos **nenos e nenas** que participan nesta actividade do Servizo de Atención Especializada. Esta foi a primeira edición desta iniciativa social da que tamén se beneficiarán outras cinco entidades.

Abril



Organizamos a primeira **actividade conxunta coa residencia de persoas maiores** da Xunta de Galicia situada ao carón da nosa sede. Persoas usuarias de **Mapis** e persoas usuarias da residencia participaron nunha intervención terapéutica asistida por **Wailo**, un can labrador, e a súa adestradora **Mónica Guerrero**.



Participamos activamente na campaña da **X Solidaria** para animar á cidadanía a marcar o recadro de “Actividades de Interese Xeral consideradas de Interese Social” na súa declaración da renda. No acto, celebrado na Quintana, salientouse que nun o escenario mundial de crise as persoas en risco de pobreza soen ser as máis afectadas.



A **Deputación da Coruña** concedeu en 2025 unha **subvención de 28.000 euros** (cun coeficiente de cofinanciamento do 40%) dentro do **“Programa FOCVAA: convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios”** e que foi destinada ao Servizo de información.



Participamos na **IV Feira da Saúde e Benestar** organizada polo concello de **Ames** e que se celebrou en Bertamiráns o sábado 26. O programa deste ano centrouse na alimentación, deporte e benestar emocional como hábitos saudables. Durante todo o día profesionais da asociación atenderon a mesa informativa que se instalou no espazo destinada a entidades sociais.



Asistimos a un **partido do Monbus Obradoiro** grazas á iniciativa Grada social que desde hai anos impulsa o equipo de baloncesto da cidade coa colaboración de Fundación La Caixa. Un grupo de persoas usuarias, representantes da directiva e profesionais asistiron ao partido e atenderon unha mesa informativa instalada no hall do Multiusos do Sar.

Maio



A **alcadesa de Santiago**, Goretti San Sanmartín, e a **concelleira de Dereitos e Servizos Sociais**, María Rozas, visitaron a asociación. No encontro con representantes da xunta directiva e do grupo de primeira persoa coñeceron a situación dos servizos de atención e proxectos como a **ampliación da sede** e a celebración do 25 aniversario.

Xuño



Acollemos o **obradoiro da Dano Cerebral Galicia** sobre técnicas de **cociña adaptada** para persoas con **disfagia**. Esta formación estivo destinada a persoas con dano cerebral, familiares e profesionais e no mesmo o chef José Álvarez Bouso cociñou en directo e explicou cada paso das preparacións alternativas que existen.



Organizamos un **almorzo informativo cos medios de comunicación locais**. Este encontro serviu de presentación do novo presidente da entidade, **Luciano Fernández**, e para analizar de vagar o traballo da asociación e presentar un avance das actividades coas que celebramos o 25 aniversario da asociación.



Visitáronnos Gumersindo Guinarte e Marta Abal, concelleiro e concelleira do **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE** no Concello de Santiago, e Aitor Bouza, secretario xeral do partido na cidade. Na reunión cunha representación da xunta directiva, ademais de falar sobre a situación da entidade analizáronse temas do ámbito local como o emprego, accesibilidade ou transporte.



Celebramos coa **Fundación Botín** e outras 31 entidades de Galicia e Zamora o 15 aniversario do seu programa **Talento Solidario**. A xornada, celebrada na CCG, invitou ás entidades a descubrir novas formas de afrontar os retos sociais a través da arte, a música e a gastronomía coa premisa de que a creatividade é un motor de transformación.



O **Concello de Santiago** aprobou na xunta de goberno local de 30 de xuño, outorgar á entidade unha **subvención nominativa** de 8.000 € para o programa de actividades de autocoidado dirixidas a persoas coidadoras e actividades de autocoidado para profesionais. Esta axuda supuxo un incremento de 3.000 € respecto a 2024.

Xullo



O **5 de xullo** as familias, profesionais, colaboradores/as, persoas voluntarias e representantes doutras entidades galegas do DCA celebramos con gran éxito a foliada do noso 25 aniversario. Houbo **música**, un **xantar**, **xogos** tradicionais e funcionou a **tenda** da asociación na que se puideron mercar produtos doados por empresas colaboradoras.

Setembro



Unha das novidades deste ano foi a creación dunha **camiseta conmemorativa** do 25 aniversario. Lanzámola no verán empregando como motivo a Árbore das conexións **deseñado por Manuel M. Nóvoa**, quen colaborou coa asociación na iniciativa 12 meses 12 sensibilidades. A camiseta está á venda na tenda online da web.



O **Arousaman - Arousawoman** "Manolo O Nacho" cumpriu 10 anos de nado solidario polo DCA. A travesía a nado na ría de Arousa celebrouse o 26 de xullo chegando así a súa **sexta edición**. Un total de 65 nadadores e nadadoras participaron nesta proba que une a praia de Confin (O Grove) coa de Coroso (Ribeira).



Visitou a nosa sede **José González, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración**, para coñecer o servizo de orientación laboral que conta cunha subvención deste departamento da Xunta de Galicia e analizar a situación laboral á que se enfrontan as persoas con DCA tras a lesión e as dificultades que atopan á hora de volver a traballar

Outubro



Persoas usuarias dos servizos de SOL e de MAPIS organizaron unha **visita ás illas de Ons**. A idea xurdiu porque ao pertencer a servizos diferentes non era doado coincidir a non ser nas actividades xerais da asociación. Despois de facer unha visita guiada a esta illa do Parque Nacional das Illas Atlánticas xantaron nun dos restaurantes do Curro.



Luciano Fernández e Montse Terceiro, presidente e vogal da directiva, formaron parte da delegación de Daño Cerebral Estatal que foi convidada para coñecer o **Parlamento Europeo** e manter encontros con diferentes grupos políticos. O obxectivo destas reunións foi dar a coñecer as demandas do movemento asociativo do DCA.




Convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade para o financiamento da ampliación do noso centro. Este convenio, asinado pola conselleira Fabiola García e o presidente da asociación, Luciano Fernández, ten unha dotación de 300.000 euros que se destinarán ás obras da nova fase da nosa sede.

Outubro, mes do Dano Cerebral

Celebración do Día do Dano Cerebral reivindicado o papel esencial das asociacións de familias

A celebración do **Día do Dano Cerebral** non puido celebrarse no centro de Santiago, e coa tradicional andaina, ao coincidir cunha proba deportiva que imposibilitou o acceso á cidade histórica. O **encuentro** de familias, profesionais, voluntarios/as, representantes institucionais etc celebrouse no Hotel Oca Puerta del Camino e contou coa colaboración musical do grupo de pandeireteiras da Asociación cultural Rosalía de Castro de Cacheiras. No acto tamén se fixo lectura do **manifiesto** do movemento asociativo que este ano reivindicou o papel das asociacións impulsadas por familias ao coincidir co **30 aniversario** da federación estatal **Dano Cerebral Estatal**. Esta longa traxectoria coincide tamén co 25 aniversario de Dano Cerebral Santiago, unha das entidades máis antigas do España.



29 de outubro

Día Mundial do ICTUS

A pesar da extraordinaria incidencia do **ictus**, **menos do 50% da poboación española recoñecería os síntomas desta enfermidade e sabería como actuar**. Por este motivo, no **Día Mundial do Ictus** estivemos nos **hospitais de Santiago e da Barbanza (Ribeira)** e nalgúns **centros de saúde** da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza para **sensibilizar** sobre o que é primeira causa de Dano Cerebral.

Estas **mesas informativas** estiveron atendidas por persoas socias, voluntarias e profesionais. Durante a mañá informaron sobre aspectos como identificar correctamente cando está a suceder un ictus para reaccionar a tempo; pautas de vida saudable ou dos pasos a seguir en caso de que o ictus derive nun DCA.



Novembro



Con motivo do **Día internacional das persoas coidadoras**, que cada ano se celebra o **5 de novembro**, e aproveitando a conmemoración do 25 aniversario da nosa asociación, falamos con **Chon, Paco e Celia** para repasar como evolucionou a atención ás persoas coidadoras neste tempo e como lles axudou á hora de afrontar a súa nova situación familiar.

Decembro



O **3 de decembro** conmemoramos o **Día Internacional das Persoas con Discapacidade** sumándonos á acción **Baixo o mesmo paraguas** na que participamos máis de 100 entidades de toda Galicia que reivindicaron unha sociedade máis inclusiva e os mesmos dereitos e oportunidades. O acto de Santiago desenvolveuse na Praza do Obradoiro.



No **Día Internacional do Voluntariado** é coincidindo co **25 aniversario** publicamos un **vídeo** no que **Carmen e María**, dúas das persoas voluntarias que levan máis tempos con nós, botan a ollada atrás e lembran sobre como chegaron a Sarela, que lles aportou a nivel persoas e como viviron os cambios nestes 25 anos.

12 comercios 12 sensibilidades



Durante o mes de **decembro** Dano Cerebral Santiago foi a protagonista da iniciativa **"12 comercios 12 sensibilidades"** ao ser elixida por **Trisquel Artesanía** para integrala nesta campaña na que cada mes un comercio local dá visibilidade e apoia o labor dunha entidade social.

A acción principal foi a **exposición "Máis cerca do que pensamos"** con fotografías de **Ramón M. Nóvoa**, propietario xunto con **Xanana Salgado** deste comercio. Imaxes desta exposición tamén foron empregadas no calendario para 2026 da asociación do que se distribuirán 1.000 exemplares. Outra das actividades foi a **charla "Xenes que contan historias"** impartida polo **catedrático** da USC Antonio Salas e que se desenvolveu en Trisquel.

Durante o mes de decembro tamén houbo en Trisquel un punto de venda dos produtos da **tenda** da asociación entre os que destacaba a camiseta conmemorativa do 25 aniversario deseñada tamén por Ramón M. Nóvoa. Esta iniciativa contou co apoio da Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude.



25 ANOS DE RETOS SUPERADOS

Este ano, baixo o lema “25 anos de retos superados”, celebramos o noso **25 aniversario**, mirando atrás con **orgullo** e cara adiante con **ilusión**. Celebramos algo máis que un aniversario. Celebramos 25 anos de **esfuerzo**, de **esperanza** e **responsabilidade compartida**.

Un camiño que comezou grazas á iniciativa e á forza dun grupo de **familias** e **profesionais** que tiñan unha convicción moi clara: **unha vida salvada merece ser vivida con dignidade**, como di o lema do **movemento asociativo** do DCA, que tamén estaba de aniversario ao cumprir **30 anos**.

Desde a súa fundación como **Sarela**, a asociación traballa día a día para mellorar a vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias, ofrecendo apoio, rehabilitación, orientación e, sobre todo, compromiso.

Cada paso dado, cada pequeno logro, cada reto superado, foron e serán o resultado do esforzo conxunto das persoas usuarias, das familias, dos profesionais, do voluntariado e de todas as persoas e entidades que, dun xeito ou doutro, apoiamos o seu traballo. Para conmemorar este aniversario a entidade organizou unha serie de accións que destacamos as seguintes.

Foliada!



O **5 de xullo** o campo da festa do **Castiñeirño**, o noso barrio, foi o lugar elixido para pasar un día de festa. As actividades comezaron cunha zona de **xogos** para nenos/as e persoas adultas na que contamos coa colaboración desinteresada da **Asociación de Xogos Tradicionais de Compostela**. Á mesma hora comezou a **foliada** cos grupos de música das asociacións culturais **Agrupación Folclórica de Brión** e da **Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Boqueixón**.

Antes do xantar o **presidente** da asociación, Luciano Fernández, agradeceu a todas as familias a súa participación así como a todas as persoas, institucións, entidades culturais e empresas que colaboraron na foliada.

Na **tenda solidaria** tamén se venderon produtos cedidos por **Queixería Pazo Anzuxao**, **Queixería Barral**, **Adegas Gran Bazán** e **Tartas La Abuela**.

Concerto solidario



Este concerto celebrouse o **15 de novembro** no **CIFP Politécnico de Santiago** e foi presentado polo xornalista **Ramón Castro**, este concerto contou coa colaboración da **Bandiña e Coro da Escola Municipal de Música de Santiago**, o **coro Harmonía Stellae** e o **grupo Charamuscas de música tradicional**.



Yoga no parque!



Unha das actividades do 25 aniversario foi a celebración dunha **sesión aberta de yoga**. A idea naceu para organizala no parque do Restollal como unha forma de dar visibilidade á entidade. Finalmente o mal tempo obrigou a facer a actividade na sede da asociación. Contamos coa colaboración de **Zona-Zen** de Bertamirás.



#25AnosDeRetosSuperados

Con este cancelo recibimos moitas felicitacións de persoeiros/as do ámbito da comunicación como X.R. Gayoso, Tania Beiras, Isi, Beatriz Serén etc.



25 ANOS DE RETOS SUPERADOS

O **17 de decembro** celebramos o 25 aniversario cun **acto conmemorativo** que tivo lugar na **Cidade da Cultura de Galicia**. O evento, conducido pola **xornalista Ainhoa Apestegui**, reuniu arredor de **400 persoas**, entre familias socias, profesionais, persoas voluntarias, entidades colaboradoras e representantes institucionais de diferentes administracións. A parte musical contou coa colaboración de “**Sons das flores**”, proxecto musical, social e pedagóxico nacido no CEIP Vicente Risco de Vigo.

A celebración estruturouse en torno a **tres vídeos** que fixeron un percorrido polos inicios da entidade, os principais retos superados ao longo destes anos e os obxectivos de futuro.

Un dos momentos máis emotivos do acto foi a **homenaxe a José Balboa**, fundador da asociación, que foi nomeado **presidente de honra** en recoñecemento á súa implicación e compromiso desde os comezos do proxecto. Desafortunadamente, José Balboa non puido asistir a este acto por motivos persoais. O recoñecemento, entregado por **Luciano Fernandez** (presidente da entidade) foi recollido no seu nome por Miguel Anxo García, psicólogo clínico no Hospital Clínico de Santiago, e fundador tamén da asociación.

A segunda parte do acto xirou en torno a unha **mesa redonda** na que participaron **María Rozas** (concelleira de Dereitos e Servizos Sociais no Concello de Santiago); **Mar García Vidal** (deputada de Política Social na Deputación da Coruña) e **Begoña García Abeijón** (directora xeral de Persoas con Discapacidade na Consellería de Política Social e Igualdade). Na mesa, conducida por **Noelia López**, secretaria da asociación, analizouse o traballo da entidade nestes 25 anos e como cambiou o coñecemento e valoración social do dano cerebral. Este segundo bloque do acto rematou coa intervención da **Conselleira de Política Social, Fabiola García**.

Como peche do acto, presentouse o conto “**Como a lavadora dunha vez!**” que conta a particular relación que Noelia, a nena protagonista, ten coa súa nai que ten dano cerebral como consecuencia dun ictus. Na presentación participaron a **escritora Rosa Aneiros**; o **ilustrador Hadrián Jamardo** e a **deseñadora Uqui Permui**, xunto coa **terapeuta ocupacional** da asociación **Majo Hermida**. O acto foi pechado pola **alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín**.



Colaboraron con nós en 2025



As nosas federacións



SATISFACCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS E FAMILIAS

Dano Cerebral Santiago de Compostela mide periodicamente o grao de satisfacción das persoas usuarias e das familias coa atención nos seus servizos.



Servizo de Atención Especializada (SAE)

- 😊 100% das persoas e familias usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas co servizo.
- 😊 100% das persoas din estar moi satisfeitas ou satisfeitas coas intervencións no servizo.
- 😊 97% das persoas recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (SADT)

- 😊 97% das persoas usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas.
- 😊 95% das familias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas.
- 😊 100% das persoas usuarias e familias recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Mellora e Mantemento da Autonomía Persoal e Inclusión Social (MAPIS)

- 😊 100% das persoas usuarias e das familias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas .
- 😊 96% das persoas usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas coas actividades realizadas.
- 😊 100% das persoas usuarias e familias recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.



Servizo de Orientación Laboral(SOL)

- 😊 100% das persoas usuarias din estar moi satisfeitas ou satisfeitas.
- 😊 100% das persoas recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación e volverían ao servizo en caso de necesitalo.



Servizo de Información, Orientación e Apoio a familias

- 😊 100% das persoas din estar moi satisfeitas ou satisfeitas e recomendarían o servizo a outras que estean na mesma situación.
- 😊 100% das persoas din estar moi satisfeitas ou satisfeitas coa atención recibida de traballo social e psicología.
- 😊 90% das persoas están moi satisfeitas ou satisfeitas coas actividades grupais de ocio e informativas (ioga, club de lectura, charlas...)
- 😊 90% das persoas usuarias de A Nosa Lareira din estar moi satisfeitas ou satisfeitas.

Outra fotos Mapis que se poderiam usar



25 ANOS DE RETOS SUPERADOS


O 17 de decembro celebramos o 25 aniversario cun acto conmemorativo que tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia. O evento, conducido pola xornalista Ainhoa Apestegui, reuniu arredor de 400 persoas, entre familias, socias, profesionais, persoas voluntarias, entidades colaboradoras e representantes institucionais de diferentes administracións. A parte musical contou coa colaboración de "Sons das flores", proxecto musical, social e pedagóxico nacido no CEIP Vicente Risco de Vigo.

A celebración estruturouse en torno a tres vídeos que fixeron un percorrido polos inicios da entidade, os principais retos superados ao longo destes anos e os obxectivos de futuro, poñendo en valor o traballo desenvolvido na atención e defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido.

Un dos momentos máis emotivos do acto foi a homenaxe a José Balboa, fundador da asociación, que foi nomeado presidente de honra en recoñecemento á súa implicación e compromiso desde os comezos do proxecto. Desafortunadamente, José Balboa non puido asistir a este acto ao estar por motivos persoais. O recoñecemento, entregado por Luciano Fernandez (presidente da entidade) foi recollido no seu nome por Miguel Anxo García, psicólogo clínico no Hospital Clínico de Santiago e fundador tamén da asociación.

A segunda parte do acto xirou en torno a unha mesa redonda na que participaron María Rozas (concellera de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude no Concello de Santiago); Mar García Vidal (deputada de Política Social na Deputación da Coruña) e Begoña García Abeijón (directora xeral de Persoas con Discapacidade na Consellería de Política Social e Igualdade). Na mesa, conducida por Noelia López, secretaria da asociación, analizouse o traballo da entidade nestes 25 anos e como cambiou o coñecemento e valoración social do dano cerebral. Este segundo bloque do acto rematou coa intervención da Conselleira de Política Social, Fabiola García.

Como peche do acto, presentouse o conto "Come a lavadora dunha vez!" que conta a particular relación de Noelia, a nena protagonista, ten coa súa nai que ten dano cerebral como consecuencia dun ictus. Na presentación participaron a escritora Rosa Aneiros; o ilustrador Hadrián Jamaro e a deseñadora Uqui Permui, xunto coa terapeuta ocupacional da asociación Majo Hermida. O acto foi pechado pola alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín.



Colaboraron con nós en 2024



As nosas federacións

